



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

Nº Expediente	1628/2019
Procedemento	Contratacións
Código de clasificación	2.05.00
Asunto	OBRA.SIMPLIFICADO - ABREVIADO. Mellora das beirarrúas do Polígono Industrial de Castiñeiras ao abeiro de Subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria e Plan Concellos 2017
Código SIA	1429768
Documento	Acta mesa de contratación
Trámite	Acta da sesión apertura de ofertas da Mesa de contratación do contrato administrativo da obra Mellora das beirarrúas do Polígono Industrial de Castiñeiras

ACTA I-1628/2019

Lugar: Sala de reunións. Casa consistorial.

Data: 08.08.2019

Hora da convocatoria: 12.00 horas.

Hora de comezo: 12:20 h

Hora de remate: 12:45 h

ASISTENTES

- Presidente: Félix Juncal Novas, Alcalde do Concello de Bueu.
- Secretaria da Mesa de contratación: Susana Miragaya González, Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.
- Vogal suplente do titular 1º: José Francisco Budiño Pereira, Secretario accidental do Concello.
- Vogal titular 2º: Marcos Vázquez Campaña, Interventor do concello
- Vogal titular 3º: Jaime Sixto García, Adxunto a Tesourería do Concello.

ORDE DO DÍA

1. Actuación previas: concorrencia de causa de abstención ou conflito de intereses (*acto non público*).
2. Acto de apertura de oferta relativa a criterios cuantificables automaticamente (*acto non público*).
3. Acto de valoración de oferta relativa a criterios cuantificables automaticamente (*acto non público*).

O Presidente declara aberta a sesión ás 12.20 horas do mencionado día ao atoparse reunidos os membros titulares e suplentes da Mesa que figuran no encabezado da presente acta, xunto co Presidente e Secretaria titular do mesmo, nomeados na sesión ordinaria na Xunta de Goberno Local celebrada o día 22.05.2018 (Certificado núm. 2018-0177 relativo ao acordo de creación da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local (CSV: 76YRYGJADS6F24NPZCFZGFJHE) (BOPPO núm.104 de data 31.05.2018) e do Acordo de Modificación da Composición da Mesa de Contratación





CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

Permanente da Xunta de Goberno Local (Certificado núm. 2019-0011) (CSV:4HQ57QJR6J5NWAHWER5LHWYDE) (BOPPO numero 24 de 04.02.2019) convocados para o presente acto con data 05.08.2019 a través de notificación electrónica do servizo de licitación electrónica da Plataforma de contratos do sector público (en adiante, PLACSP).

1.-ACTUACIÓNS PREVIAS: CONCORRENCIA DE CAUSA DE ABSTENCIÓN OU CONFLITO DE INTERESES (ACTO NON PÚBLICO).

Neste intre, pola Presidencia advírtese da obriga dos membros da mesa de absterse de participar no procedemento de contratación de referencia nos supostos nos que conorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou teñan directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia, de conformidade co artigo 64 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público; tendo en conta o listado de persoas xurídicas que concorren que resulta do Informe de licitadores descargado da Plataforma de Contratos do Sector Público (Núm. de expediente 1486/2018) non atopándose os presentes na sesión incursos en ningunha destas circunstancias.

Os membros da mesa de contratación permanente que asisten á presente sesión formulan declaración expresa da non concorrencia neles dos motivos de abstención previstos no apartado 2º do art. 23 da LRXSP e da non concorrencia dos supostos previstos no art. 64 da LCSP.

2.- ACTO DE APERTURA DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO QUE CONTEN A DECLARACIÓN RESPONSABLE E A OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES (ACTO PÚBLICO)

A continuación, polo Presidente, de acordo co procedemento establecido na cláusula 18ª do PCAP, da lectura en voz alta das empresas que concorren a licitación electrónica segundo os datos consignados nos servizos electrónicos ofrecidos pola Plataforma de contratos do sector público, no prazo dende o 24.07.2019 ata o 07.08.2019 que resulta do anuncio de licitación publicado no perfil do contratante, exclusivamente de forma electrónica a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de Ofertas que PLACSP, dos datos extraídos do Informe de licitadores descargado da Plataforma de Contratos do Sector Público:

IDENTIDADE	CIF	DATA DE PRESENTACION	OBSERVACIONES
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	B94097268	07-08-2019 13:41	En prazo
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	B70538459	07-08-2019 19:02	En prazo
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	B36133916	07-08-2019 10:34	En prazo
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	B36147429	07-08-2019 16:20	En prazo
CONSTRUCCIONES FECHI, SL	B36258861	06-08-2019 10:11	En prazo
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	A36008886	01-08-2019 10:34	En prazo
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	B36024933	07-08-2019 16:29	En prazo
<u>CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS</u>	B36162030	31-07-2019	En prazo





**CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

ABILLEIRA S.L		18:05	
coto de uz proyectos y obras, s.l.	B94158862	05-08-2019 18:48	En prazo
Cotoverde Obras y Servicios S.L.	B32449100	07-08-2019 17:47	En prazo

EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	B36239861	01-08-2019 19:16	En prazo
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.	B36130649	07-08-2019 08:33	En prazo
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	B36533537	07-08-2019 08:19	En prazo
NAROM SL	B36163418	07-08-2019 14:39	En prazo
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	B27802503	07-08-2019 13:46	En prazo
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	B32211716	07-08-2019 12:47	En prazo
OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	B36494185	07-08-2019 10:56	En prazo
ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO,S.L.	B36805679	06-08-2019 16:24	En prazo
SESTRAMA IBÉRICA S.L	B27728492	07-08-2019 20:36	En prazo

Comprobada a presentación en prazo das ofertas por parte dos licitadores identificados no cadro anterior, a Secretaria da mesa da conta da comprobación efectuada polo Servizo de contratación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público así como no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de que todas as persoas xurídicas que concorren ao procedemento se atopan inscritas en dito Rexistro, dada a obrigatoriedade do mesmo ao rexerse o procedemento polo previsto no artigo 159 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector Público que dispón no seu apartado 4º a) o seguinte: *“a) Todos los licitadores que se presenten a licitaciones realizadas a través de este procedimiento simplificado deberán estar inscritos en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público, o cuando proceda de conformidad con lo establecido en el apartado 2 del artículo 96 en el Registro Oficial de la correspondiente Comunidad Autónoma, en la fecha final de presentación de ofertas siempre que no se vea limitada la concurrencia.”*

Logo do anterior a Presidencia ordea á Secretaria da Mesa, a apertura do ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO que contén a “DECLARACION RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES” mediante a introdución da correspondente clave de descifrado de ditos arquivos.

A continuación procédese ao descifrado e apertura do SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO que contén a “DECLARACION RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES” aos efectos de comprobar pola mesa o cumprimento da documentación requirida segundo a cláusula 17ª dos PCAP.

Neste senso, a Presidencia da lectura en voz alta das ofertas presentadas por cada unha das licitadoras co seguinte resultado:





**CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

LICITADOR	CIF.	OFERTA SEN IVE (€)
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	B94097268	61.174,00
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	B70538459	58.091,36
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	B36133916	66.800,00
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	B36147429	52.575,77
CONSTRUCCIONES FECHI, SL	B36258861	60.274,09
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	A36008886	68.924,15
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	B36024933	53.105,36
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L	B36162030	58.255,49
coto de uz proyectos y obras, s.l.	B94158862	57.910,11
Cotoverde Obras y Servicios S.L.	B32449100	67.250,93
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	B36239861	57.487,96
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.	B36130649	59.399,10
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	B36533537	64.577,18
NAROM SL	B36163418	76.694,21
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	B27802503	56.705,08
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	B32211716	75.808,89
OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	B36494185	65.738,90
ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO,S.L.	B36805679	60.634,00
SESTRAMA IBÉRICA S.L	B27728492	59.406,78

Trala apertura do sobre único que contén as proposicións económicas “SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO “DECLARACION RESPONSABLE Y OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES” a mesa por unanimidade dos seus membros asistentes acorda solicitar informe técnico de valoración das ofertas de acordo cos criterios de valoración sinalados consonte dispón a cláusula 13ª en relación co apartado VI.4 del CCP dos PCAP e a efectos de determinar a existencia no seu caso de proposicións que conteñen ofertas anormalmente baixas de acordo co disposto no artigo 85 RGC e no procedemento previsto na cláusula 19ª dos PCAP.

Dáse por finalizado este acto, sendo as 12:45 horas do día indicado no encabezado, do que se levanta acta que asinan todos os presentes, en proba de conformidade co seu contido, do que, como Secretaria da Mesa, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE POLOS MEMBROS DA MESA ASISTENTES Á SESIÓN)

